

COMENTARIO DE TEXTO. MANUEL ANTONIO

Ao reverso da noite

Loceiros degolados
desangran-se de ouro n-o Mar

De par de nós
a Lua
fai ronseles infecundos

Mentres sonea a mareta
vai folleando n-o libro d'as velas

Irredentos velamios eshaustos
resiñados a pendurar d'a cruz

Estrelas inconscientes
mecanizan o ouseso tic-tac

A auga toda d'os oucéanos
ensumeu-se n-unha bágoa

E o pano branco d'o novo día
enxugará os ollos d'o ceo.

1.- Este poema é unha descrición dunha paisaxe nocturna (Noite, Mar, Lúa, Estrelas). Explica que visión se dá dese escenario atendendo ao significado dos adxectivos e dos verbos.

2.- A natureza á neste poema soporte simbólico dos sentimentos do poeta. Cal che parece o seu estado de ánimo?

3.- No texto existen varias referencias temporais. Cales? Que sentimento leva implícito cada unha? Relaciónaaas co título do poema.

4.- Comenta as seguintes imaxes.

- a) luceiros degolados
- b) desángrase de ouro no mar.
- c) o pano branco do novo día.
- d) enxugará os ollos do ceo

5.- Explica os versos 8 e 9. Cal é o significado da imaxe? Por que “irredentos”, “exhaustos” e “resignados”?

6.- Nos dous últimos versos, aprecias algún cambio ou xiro na descrición? Algún elemento distintos aos anteriores? Que achegan estes versos ao significado ou ao tema deste poema?

1.- Este poema é unha descrición dunha paisaxe nocturna (Noite, Mar, Lúa, Estrelas). Explica que visión se dá dese escenario atendendo ao significado dos adxectivos e dos verbos.

R.- O poema consiste na descrición da natureza. O poeta, só na noite, contempla o espazo circundante. Ese espazo é absolutamente negativo, como se pode percibir a través do léxico seleccionado:

Luceiros: “degolados”, “desángrase”

Lúa: “fai ronseis infecundos”

Estrelas: “inconscientes, mecanizan”

Auga: “ensumiuse nunha bágoa”.

Só no remate se produce un cambio: a noite dará paso ao día e enxugará a bágoa dos ollos.

2.- A natureza á neste poema soporte simbólico dos sentimentos do poeta. Cal che parece o seu estado de ánimo?

R. O poema presenta unha descrición e interpretación pesimista da natureza. A paisaxe acumula elementos negativos que deixan entrever o estado anímico do poeta. Nada do que o rodea amosa un rostro amable e feliz, luminoso e vital; polo contrario, a paisaxe que o circunda sofre e resígnase a continuar padecendo. O eu lírico expresa deste modo unha visión desolada da existencia.

O poema ten por tanto un contido existencial.

3.- No texto existen varias referencias temporais. Cales? Que sentimento leva implícito cada unha? Relaciónaaas co título do poema.

R. No poema pódense diferenciar dous momentos: presente e futuro.

O **presente** corresponde á noite. Así se percibe a través da selección léxica --*luceiros, estrelas, lúa*--, e tamén a través dos tempos verbais empregados --*desángranse, fai, vai folleando, mecanizan*--. A acumulación de elementos negativos antes comentados condénsanse nunha bágoa.

O **futuro** aparece nos dous versos finais mediante unha metáfora: “o pano branco do novo día”= o amencer identifícase cun pano que enxugará as bágoas do ceo

1. Presente.- Análise: noite – dor, saudade, monotonía, angustia, Síntese: bágoa.
2. Futuro.- novo día – esquecemento, repouso, sosego,

O título ao reverso da noite suxire esta ambivalencia, este proceso morrer-nacer.

4.- Comenta as seguintes imaxes.

- a) **luceiros degolados**
- b) **desángrase de ouro no mar.**
- c) **o pano branco do novo día.**
- d) **enxugará os ollos do ceo**

R

“Luceiros degolados desángranse de ouro no mar”.

O poema sitúase nunha noite estrelada. Os luceiros reflíctense no mar e parece que foron degolados e que se desangran cun resplandor dourado.

“O pano novo do día enxugará os ollos do ceo”

Cando volva a amencer haberá unha nova oportunidade para o poeta. A noite simboliza a escuridade, o pesimismo, o sufrimento, a monotonía e a falta de esperanza na vida.

O día chegará coa súa luz, coma un renacer cada mañá, como se fose un pano que vén a enxugar as bágoas da noite.

5.- Explica os versos 8 e 9. Cal é o significado da imaxe? Por que “irredentos”, “exhaustos” e “resignados”?

R. Sen posibilidade de redención, totalmente cansado e sen forzas para nada máis, polo tanto sen posibilidade de producir nada, de facer ningunha acción positiva, e por iso resignados, ante esta situación e aceptando

6.- Nos dous últimos versos, aprecias algún cambio ou xiro na descrición? Algún elemento distintos aos anteriores? Que achegan estes versos ao significado ou ao tema deste poema?

R. Ao final, a antítese entre noite e día.